

## OS NENOS DO GOLFIÑO

Era un venres soleado de primavera do año 52, Pepiño do Malencho levantouse para ir á escola como todos os días, vestiuse, puxo os zocos, colleu a boina e saíu da súa casa en Breixo. Fóra, súa nai Manolita dáballe un pouco de millo ás galiñas mentres seu pai Antón poñíalle o xugo aos bois para ir a leira de Lourido. Ao chegar a Cabreira, estábano esperando o seu amigo Pucho dos Mivida xunto a outros rapaces máis. Baixaron a costa de Antón e ao chegar a praia sentáronse enriba dunha chalana a esperar a Jacinto do Regacho, que vivía en Mainca e aínda que non chegaba, sempre ían xuntos ao colexio.

Pepiño mirou á praia e viu na orela un peixe grande, de inmediato díxolle ao seu amigo: "Pucho, mira aquel peixe na praia, imos ver que é". Correron cara á orela e ao chegar déronse de conta que era un golfiño varado na área. Os dous rapaces sorprendidos viron que o golfiño movíase con dificultade para tratar de volver ao mar, Pucho levantou a mirada e ollou dende o peirao ata a casa da pedra de Dona Carolina, no había ninguén. "Hai que pedir axuda, senón vai morrer", dixo Pepiño. Saíron correndo cara á fábrica dos Labarta, cando viron a Jacinto que chegara e dixeron: "Jacinto, hai un golfiño na praia, imos buscar axuda, senón vai morrer ". Baixando de Mera viñan uns mariñeiros cun carro cheo de redes. Foron correndo cara a eles e contáronlles o sucedido.

Pronto xuntáronse na praia un grupo de persoas que estaban no café de Perla e ao ver os nenos correndo e gritando: " un golfiño, un golfiño na praia !!!", achegáronse. Entre todos puideron devolver ao mar o golfiño, que logo de dar unhas voltas entre as lanchas foise perdendo no mar.

Os homes empezaron a falar e comentar que grazas a aqueles rapaces o golfiño se salvou. Ao chegar á escola comentaron o sucedido a todos los rapaces e ao mestre cheos de orgullo.

Pola tarde o rumor da fazaña dos rapaces invadía todas as conversacións do pobo. Ao saír da escola a xente pola rúa preguntáballes como foi o conto e dábanlles as grazas polo feito. Eran uns heroes.

Ao día seguinte, o sábado no baile. No salón da Perla, cando chegou o descanso, os músicos pediron un forte aplauso aos presentes para aqueles 3 rapaces que salvaran o golfiño.

Aquel día de primavera do 52 quedou para sempre no recordo daqueles rapaces: Pepiño do Malencho, Pucho dos Mivida e Jacinto do Regacho.